

ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-001599 "INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES"; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.I4 «PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV):6ZMQH0WALJ2472TM



ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-001599 "INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES"; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.14 «PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra parte, Xosé Manuel Alfonso González, alcalde do Concello das Neves, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LRBRL.

E actuando Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

EXPOÑEN

I. Que en data 23 de decembro de 2022, o Concello das Neves e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o convenio de colaboración para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021-001599 "Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e das Neves".

Na cláusula terceira do convenio, denominada "Importe e financiamento", establécese o seguinte:



"(...) No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

Concello	Investimento elixible admitido	Axuda IDAE outorgada (85%)	Achega do Concello	Achega da Deputación de Pontevedra
As Neves	65.625,56€	55.781,72€	4.593,80€	5.250,04€

A Deputación comprométese a achegar para a realización das actuacións nos Concellos descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a cinco mil douscentos cincuenta euros con catro céntimos de euro (5.250,04€) consignados na aplicación 22/942-1700-652.15/2021, dentro do proxecto de gastos codificado como "investimentos xestionados para Concellos (Proxectos EBC IDAE – Eficiencia Enerxética)".

O Concello financiará o importe restante, é dicir, catro mil cincocentos noventa e tres euros con oitenta céntimos de euros (4.593,80€), que se ingresará antes de que finalice o mes de marzo do 2023 coa fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. (...)"

II. As actuacións destinadas ao municipio das Neves licitáronse dúas veces conforme ao indicado na memoria de subvención, quedando en ambas deserta por ser un orzamento moi inferior ao necesario e que non se axustaba aos prezos de mercado. Ante esta situación a Deputación e o Concello das Neves deciden reformular o proxecto técnico co compromiso de achegar os importes necesarios para financiar a diferenza do orzamento de execución, manténdose invariable a achega do IDAE.

III. Na data 12 de xullo de 2024 asínase o proxecto reformulado desta actuación polo enxeñeiro industrial Fernando Pérez Albalate.

O orzamento do dito proxecto ascende a 129.500,83€ (con IVE), cun aumento de 67.009,17€ respecto do proxecto inicial. Esta diferenza económica debe financiarse entre o Concello e a Deputación Provincial, mantendo as porcentaxes iniciais de financiamento entre ambas administracións, polo que lle corresponde ao Concello das Neves achegar o importe de 31.270,96€ e á Deputación os 35.738,21€ restantes.

IV. Que dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas administracións, manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda ao convenio co obxecto de proceder á modificación parcial da citada cláusula terceira, con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro. Modificar parcialmente a cláusula terceira do convenio, denominada "Importe e financiamento", engadindo o seguinte texto:



"Tendo en conta o proxecto reformulado asinado o 12 de xullo de 2024, o custo total da actuación ascende a 132.634,73€ (129.500,83€ de execución de obra e 3.133,90€ de honorarios técnicos) e o seu financiamento detállase na seguinte táboa:

<i>Investimento</i>	<i>IDAE</i>	<i>Concello das Neves</i>	<i>Deputación de Pontevedra</i>
132.634,73€	55.781,72€	35.864,76€	40.988,25€

A Deputación comprométese a achegar o importe de 40.988,25€, consignados nas aplicacións orzamentarias 24/942.1700.652.15/2021 (5.250,04€) e 24/942.1700.652.15 (35.738,21€), dentro do proxecto de gastos codificado como "Investimentos xestionados para Concellos (Proxectos EBC IDAE – Eficiencia Enerxética)".

O Concello das Neves financia a cantidade de 35.864,76€. Consta o ingreso de 4.593,80€ realizado polo Concello na conta bancaria da Deputación o 26 de decembro de 2022 e os restantes 31.270,96€ fináncianse coa subvención concedida ao Concello das Neves pola Deputación o 2 de agosto de 2024 no marco do Plan + Provincia 2024 (expte. 2024050926)."

Segundo. En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 23 de decembro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello das Neves, Xosé Manuel Alfonso González

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay

